

Culleredo escena 20 ^e 21

*programación teatral e musical de Culleredo
de setembro de 2020 a marzo de 2021*

normas da auditoria

Unha vez comezado o espectáculo, non estará permitido o acceso á sala.

Haberá que desconectar ou silenciar os teléfonos móbiles.

Está prohibido gravar ou tirar fotografías agás autorización expresa e previa do responsable da sala.

Está prohibido fumar.

Os/as nenos/as deben estar en todo momento sentados/as correctamente nas súas butacas e acompañados/as por unha persoa adulta. Non se permitirá o acceso á sala con carriños de bebés, deixando estes nos lugares especialmente habilitados no vestíbulo da sala de actos.

Non se permite, en ningún caso, consumir alimentos ou bebidas dentro da sala.

A sala é accesible para persoas con mobilidade reducida e dispón dun aseo adaptado.

Normativa da COVID-19 que estea en vigor.

moitas grazas

Se tem bro 20

Setembro

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

☐ Teatro

☐ Feira ou festival

Entrada gratuíta.

Reserva de asentos a mesma semana da actuación no
teléfono 981665597. Aforo limitado

SÓS *Malasombra*

SÓS é unha reflexión, por veces cómica e por veces máis dramática, sobre a vellez, sobre a convivencia, e sobre a soidade que sofren moitas persoas maiores nos seus últimos anos de vida.

SÓS conta a historia de Rodrigo e Marcelino, dous homes octoxenarios que se ven obrigados polas circunstancias a compartir piso.

Todos coñecemos a algún “Marcelino” e a algún “Rodrigo”. Dúas maneiras de ser e de vivir que cho-

can nun mesmo apartamento compartido. Dúas personalidades opostas, pero cunha necesidade en común: a necesidade humana de sentirse acompañado.

Elenco: Marcos Orsi e Jouse García

Autor: José Prieto

Dirección: Xoque Carbajal e José Prieto

Escenografía: Kukas


Vestuario: Diego Valeiras

I CICLO CULTURA
CON CONCIENCIA

Noves 24 ás 20:30
Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público adulto

malasombra presenta:

SÓS



Elenco: Marcos Orsi e Jouse García
Dirección: José Prieto e Xoque Carbajal
Iluminación: Xoque Carbajal
Vestuario: Diego Valeiras
Escenografía: Kukas
Autor: José Prieto

A conquista da escola de Madhubai

Teatro da Atlântica

Baseada nun feito histórico protagonizado por unha muller india, rebelde e insubmisiva. Muller extraordinaria, unha das máis xustas do seu país, unha das máis inxustas, e tamén unha das máis implacábeis.

De que maneira aquela que foi vendida por seu pai, aquela que de escrava pasou a ser rebelde grazas á súa forza e á súa ira, de que maneira achou esa forza máis poderosa: a de ser, a pesar de todo,

muller.


Ela, que tivo que matar para volver nacer (se), que lle debe ao asinato a súa pequena liberdade, cómo sairá do círculo de sangue?

Para sobrevivir ás tres violencias (a fame, a inxustiza, a violación) sería preciso ao mesmo tempo esquecer e non esquecer a dor.

Sería preciso trocar a vergoña pola honra, transformar a memoria en esperanza, converter o berro nunha escola para rapazas.

I CICLO CULTURA
CON CONCIENCIA

Venres 25 ás 20:30
Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público adulto



Elisa e Marcela *A Panadaria*

Ano 1901, A Coruña.
Dúas mulleres casan na Igrexa de San Xurxo, unha delas vestida de home.
Unha historia de persecucións policiais, fuxidas en dilixencia, cambios de identidade e informacións manipuladas.
As cómicas de A Panadaria presentan unha reconstrución irreverente dun suceso real.
Unha comedia musical onde o verídico parece invento.
Elisa e Marcela é unha historia de

amor a contratempo.

Elenco: Noelia Castro,
Ailén Kendelman e
Areta Bolado.

Escenografía: A Panadaria e Beatriz de Vega

Música Orixinal: Ailén Kendelman

Texto Orixinal: Areta Bolado, Noelia Castro,
Ailén Kendelman e
Gena Baamonde

Dirección : Gena Baamonde

I CICLO CULTURA
CON CONCIENCIA

Martes 29 ás 20:30
Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público adulto



O Valo *Pallazos en Rebeldía*

O Valo fala do encontro de dous mundos, dúas realidades, dúas consciencias encarnadas en dous personaxes ben distintos: O Soldadiño de Chumbo e Sahara, a rosa do deserto.

Un encontro a ambos os dous lados dunha fronteira que non só separa a civilización do baleiro, senón que abre unha ferida no corazón da humanidade.

Dous personaxes escenifican esta historia que ten por protagonista real unha

fronteira. Un valo.


Elenco: Saleta Fernández e Fran Rei

Texto: Carlos Labraña

Dirección: Iván Prado

I CICLO CULTURA
CON CONCIENCIA

Domingo 27 ás 12:00
Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público familiar



Ou tu bro 20

Outubro

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

☐ Teatro

☐ Feira ou festival

Entrada gratuíta.
Reserva de asentos a mesma semana da actuación no
teléfono 981665597. Aforo limitado

Voces de muller *Black*

A través do espectáculo de *Black* redescubriremos grandes clásicos de voces femininas e vibraremos recordando mulleres inesquecibles como Aretha Franklin, Nina Simone, Billie Holiday ou Amy Winehouse.

BLACK ofrece, en directo, unha visión sensible e chea de detalles e anécdotas das últimas décadas da música negra, da forma na que as cancións nacen, se escriben e se interpretan, dunha forma


fondamente íntima agasallándonos cunha viaxe polas melodías do soul.

Toda unha experiencia para a alma.

I CICLO CULTURA
CON CONCIENCIA

Noves 1 ás 20:30

Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público adulto



Galicreques

Un ano máis, o Concello de Culleredo participa no Festival Internacional de Títeres Galicreques acollendo a representación de tres obras de monicreques dirixidas ao público familiar.

Mantente ao tanto das obras que poderemos ver e das compañías que nos visitarán na páxina web e nas redes sociais do Concello.

Venres 2, 9 e 16 ás 19:30
Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público familiar



Shukran *Mago Rapa*


Despois de máis de 20 anos facendo actuacións por diferentes escenarios e prazas, chegou o momento de agradecer e darnos conta da felicidade que sentimos cada vez que nos subimos a un escenario, por iso creamos Shukran, un espectáculo para seguir gozando en familia e seguir coñecendo lugares e xentes. Seguimos a facer o que máis nos gusta facer, divertir e sorprender.

Cada vez que fagamos este espectáculo será unha festa para nós porque estaremos xuntos.

Vémonos en Shukran!

Maxia

Venres 23 ás 19:30
Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público familiar



Papar sen Cancelas

Culturactiva

Culturactiva ten o pracer de convidaros a Papar sen cancelas, un delicioso espectáculo onde poderedes deleitarvos cunha exquisita selección gourmet dos mellores pratos da nosa lingua. Linguas soltas, linguas hábiles, linguas deslinguadas, linguas para todos os gustos! Poderedes presenciar as artes para a coziña cómica de tres xeniais chefs preparando o menú para personaxes entre o máis distinguido do

panorama galego actual. Comedia de alta coziña sobre a cultura galega. Porque en Galicia cómese ben, e fálase mellor!

Elenco: Isabel Risco, Pedro Brandariz e Fran Rei

Dirección: Diego Rey

Xéneros: Comedia, clown e improvisación

Duración: 75 minutos

Autores: Xurxo Barcala, Diego Rey, Avelino González e José Prieto

Venades 30 ás 20:30

Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público Adulto



No vem bro 20

Novembro

L	M	M	X	V	S	D
						/
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

☒ Teatro

☐ Feira ou festival

Entrada gratuíta.

Reserva de asentos a mesma semana da actuación no
teléfono 981665597. Aforo limitado

Duncan de palleiro

Lilã Teatro

Así é como transcorre un día na vida dun can, pero non dun can calquera.

Trátase dun can moi especial que pertence a unha raza mítica, lendaria e con moito prestixio, a de Palleiro. Este can é Duncan de Palleiro, o Príncipe das Corredoiras.

Duncan leva unha vida sinxela á beira do seu amo Aurelio e dos seus amigos, veciñas e rabaños de sempre nunha aldeña ao abeiro do monte Espigo chamada Oubidos,

da cal se sente moi fachendoso.

Duncan ama profundamente a todos os nenos e nenas, e alí onde vai leva consigo unha grandísima sorpresa que non deixará ningún indiferente.

Amizade, Leducia e Liberdade son as palabras que máis lle gustan a Duncan de Palleiro.

*Elenco: Lines Lakers e Lara Manzano
Público infantil (3-12 anos)*

Idioma: Galego

Duración: 60 min

Venres 6 ás 19:30

Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público familiar



O meu mundo non é deste reino

Teatro da Ramboia

Un par de vendedores ambulantes chegan a unha parada no seu camiño despois de días de longa viaxe. Traen consigo unha carga enorme de todo tipo de obxectos estraños: cortinas rimbombantes, paus de todos os tamaños, bolsas das que despuntan teas de cores, e algo que semella ser unha enorme e aparatosa mochila de madeira. Abraiados ante a abundancia de público na feira, dispóñense a situar as súas pertenzas no espazo con ánimo de venderlle algunha aos alí reunidos. Coma os máis experimentados

vendedores de fume, deixan o seu ben máis atesourado para o final; un tutilimundique contén nos seus adentros ao condenado reino de Bululú e os seus habitantes. E así, dáse comezo á farsa.

Dirección: María Peinado

Produción: Fran Lareu e Teatro da Ramboia

Elenco: Anxo García e Fran Lareu

Duración: 80 min

Espectáculo gañador do I CERTAME MANUEL MARÍA DE PROXECTOS TEATRAIS.

Venres 13 ás 20:30

Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público adulto



Muiñada *Alredime*

Sabela e Xacobe en-
cóntranse nun muíño
de auga por un malen-
tendido coas quendas.
Ao veren que os dous
non poden moer ao
mesmo tempo, come-
za unha discusión na
que o xogo, as lendas,
a tradición e a música
farán que os cativos e
os que non o son tanto
se acheguen a un edifi-
cio que foi fundamen-
tal para a historia de
Galicia.

Muiñada é unha viaxe
ao pasado para as ne-
nas de hoxe. Unha
viaxe que serve para
coñecer de onde vimos

e para non deixar mo-
rren a memoria das no-
sas avoas e avós.

Muiñada é tradición, é
festa, é música e, sobre
todo, teatro para toda a
familia.

Dirección: Davide
González

Texto: Ana Carreira

Intérpretes: Alba Ber-
múdez e Tone Martínez

Público familiar e in-
fantil a partir de 5
anos.

Duración: 50 minutos

Venres 20 ás 19:30
Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público familiar



As virxes salvaxes *Teatro do Noroeste*

As virxes salvaxes é unha comedia sobre a absurda pero necesaria situación de recluír aos nosos maiores en institucións que os atendan e coiden. Nunha destas institucións, varias internas realizan, mesmo sen sabelo nin pretendelo, a súa propia revolución. Aproveitando a entrada dunha nova interna que é levada alí pola súa filla que non pode atendela, varias internas comezan a cuestionar a institución non deixando nada en pé. A modo de metáfora

da propia sociedade, as xentes de ben rebeláanse contra as imposicións absurdas e desmedidas. Unha homenaxe, se cadra algo irreverente, aos nosos maiores máis revoltosos.

Elenco: Elina Luaces, Luma Gómez, Ana Santos, Rosa Álvarez, Imma António, Manuela Varela, Miguel Pernas e Fernando González

Texto e dirección: Eduardo Alonso

Venres 27 ás 20:30
Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público adulto

Un espectáculo de Teatro do Noroeste
escrito e dirixido por Eduardo Alonso

Ana Santos



Elina Luaces



Luma Gómez



Manuela Varela



As Virxes Salvaxes

Rosa Álvarez



Fernando González



Miguel Pernas



Imma António



"Unha aloucada comedia xeriátrica"



De- cem bro 20

Decembro

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

☐ Teatro

☐ Feira ou festival

Entrada gratuíta.

Reserva de asentos a mesma semana da actuación no
teléfono 981665597. Aforo limitado

Mai Mai *Baobab Teatro*

Mai Mai é a historia do último oso panda do planeta e a súa loita por sobrevivir. A falta de comida e os problemas ocasionados polo quecemento global fan difícil a supervivencia desta especie. Unha muller forte e emprendedora e un famoso fotógrafo comezan unha viaxe por separado para atopar o último panda do planeta, toda unha aventura na que atoparán unha chea de problemas que solucionar... Unha historia tenra e moi divertida onde se mesturan o

amor, a codicia, o éxito e a concienciación ambiental. Unha historia que fala de revolución, que plasma o empoderamento da muller e que nos fará meditar sobre o que estamos a facer con nós e co noso planeta.

Elenco: Xose Manuel Esperante, Andrea Bayer e Óscar Ferreira

Dirección: Andrea Bayer e Óscar Ferreira

Xéneros: Teatro, monicreques, música, ideal a partir de 4 anos

Duración: 50 min

Venres 11 ás 19:30

Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público familiar



Titanic

Cayetano Lledó

Titanic é un espectáculo de teatro con comedia, maxia e moito humor para público familiar. Narra a viaxe do barco que, aínda que a historia oficial non o recolle, fixo escala en Galicia. Os espectadores serán os pasaxeiros dunha viaxe chea de incidentes, sorpresas e situacións inesperadas.

Maxia

Venres 18 ás 19:30

Edificio Servizos Múltiples do Burgo

Público familiar



Xaneiro

21

Xaneiro

L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

☐ Teatro

☐ Feira ou festival

Entrada gratuíta.

Reserva de asentos a mesma semana da actuación no
teléfono 981665597. Aforo limitado

Puño, puñete!

Baobab Teatro

Puño, Puñete! nasce da necesidade de por en valor a nosa lingua, a lingua galega. Quixemos con este espectáculo facer unha viaxe a través das palabras e da música, rescatando ditos populares, refráns, poemas, lerias e enredos.

O obxectivo era claro: facer dinamización social da lingua galega e chegar a unha ampla marxe de público (familias enteiras, desde pequenos/as a partir de 1 ano ata 9-10 anos, as mamás, papás, avós, avoas etc).

O resultado, un espec-

táculo musical, teatral e de palabras, onde o peso recae na lingua e no seu uso, un espectáculo que é un agasallo para os oídos e unha ferramenta para levar para casa, a través de xogos de man, dedos e o corpo inteiro.

Puño Puñete! trata de sentir as palabras a través dos cinco sentidos.

Venres 29 ás 18:30
Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público familiar



Fe brei ro 21

Febreiro

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28

☐ Teatro

☐ Feira ou festival

Entrada gratuíta.

Reserva de asentos a mesma semana da actuación no
teléfono 981665597. Aforo limitado

Unha selección natural de historias

Esabela Creativa

Carmen Conde percorreu Galicia en busca das mortes máis absurdas do país. Isto aconteceu en 2016.

No seu maxín, calculou que se faría cun feixe cativo... pero viu-se superada e fíxose, efectivamente, cun excedente de mortes.

Tivo dous anos en xira o espectáculo Premios Darwin, onde relataba un total de trece. Mais, ao remate de cada función, sempre algunha espectadora ou algún espectador ía cabo dela e legáballe unha nova historia. Rematada a xira,

decidiu peneirar as vivencias (vaia contradición) que máis lle chegaron á alma e armar o que deu en chamar Unha selección natural de historias. Unha contada das de toda a vida, con historias de mortos. Tamén rodou unha serie con este material, pero iso xa... é outro conto.

*Contos e creación:
Carmen Conde
Producción: Diego
Gallego*

Venres 5 ás 20:30

Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público Adulto



As biografías non o contan, pero unha das grandes voces literarias da historia tamén foi nena e foi nena que cantaba e xogaba, que lía e comía chocolate. Esta Rosalía que aínda non precisaba apelidarse de Castro e que está a piques de marchar a Santiago é a protagonista desta obra de teatro que quere contarlles ás nenas e aos nenos que a infancia é o lugar onde medran as poetas: entre a rebeldía, as lecturas, a curiosidade, o xogo e as cancións con rimas e sen au-

Rosalía *Culturactiva*

tor. María Rosalía Rita agóchase no faiado, pechando a porta tras ela, facéndose forte nese lugar máxico que ben coñece, que habitou en segredo e que está ategado de tesouros.

Dirección: Fina Calleja

Duración: 50 min

Autora: Nate Borrajo

Cofinancia: AGADIC

Venres 19 ás 19:30

Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público familiar



Crónica dunha heterosexual insatisfeita

Verdeveras

Unha muller absolutamente común, desas que saben que non aparecerán xamais en ningún libro de historia, descobre case por accidente que se está a facer vella, e que se non muda algunha cousa vai morrer conxelada. Decide, entón, concretar unha das súas fantasías e convidarnos a ser testemuñas da súa acción.

Mentres se prepara, conversa para “afrouxar un pouco e romper o xeo que din”: os soños que concretou e os que quedaron no camiño; a relación de parella

e a maternidade; a sexualidade nunha idade na que todo debería ir apagándose... É o sexo tan importante e definitivo na vida? É posible estar plenamente satisfeita?

Dramaturxia e interpretación: María Angeles Iglesias

Deseño de imaxe: Lorena Conde

Producción Xeral: Verdeveras Expresións Artísticas en Coproducción co Centro Dramático Galego

Venres 26 ás 20:30

Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público adulto



Marzo

Marzo

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

☐ Teatro

☐ Feira ou festival

21

Entrada gratuíta.

Reserva de asentos a mesma semana da actuación no teléfono 981665597. Aforo limitado.

Crónicas do Paraíso

Sarabela Teatro

O crime compensa.
O diñeiro compra
todo, incluso a propia
morte

Unha carroza cargada
de maletas, que está a
acubillar a misteriosos
pasaxeiros, consegue
poñerse en marcha e
lánzase polos camiños
dunha Bretaña ima-
xinaria. A cuadrilla
leva da súa mán a un
Sochantre asustado.
Queren que toque pa-
nas exequias da seño-
ra De Quelven. Todos
quedan marabillados
coas melodías do seu
fliscorno, pois, por un
espazo breve de tempo,
as notas arrincan aos

espectros da súa condi-
ción.

Pero, que ocorrerá á
noitiña? Que ocorre-
rá cando durma o So-
chantre?

Dirección e creación::
Gonçalo Guerreiro
Textos: Fernando Da-
costa

Elenco: Sabela Gago,
Fina Calleja, Fernando
Dacosta, Fran Lareu,
Elena Seijo

Venres 5 ás 20:30

Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público adulto



Tabú

Esabela Creativa

Tabú é o novo espectáculo de Carmen Conde, que nace froito das conversas recollidas con mulleres de entre 70 e 95 anos no Valmiñor, o Morrazo, o Courel, a Mariña Lucense, a Costa da Morte e o Couto Mixto sobre a súa vida erótica e sexual de xuventude. Un show de narración oral coa misión de transmitir as historias de confusión, segredismo, amor, picaresca e sexualidade (a máis cruel e a máis desexada) das mulleres que son cimento da nosa terra, as que poden ex-

plicar o que somos agora nós: fillas do Tabú. Un tendal para poñer ao clareo todas as intimidades.

Recollida, creación e narración oral:

Carmen Conde

Música ao vivo: Su Garrido Pombo

Deseño sonoro:

Ezequiel Orol

Producción: Diego Gallego

Venres 12 ás 20:30
Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público adulto



Catro *Caramuxo Danza*

CATRO é a nova proposta de Caramuxo Teatro para a primeira infancia.

Unha peza visual que xoga coa vida, coas formas, os sons, as texturas, co movemento...

CATRO lados ten un cadrado, catro son as estrelas que vexo desde a miña habitación, catro os recunchos do meu lugar favorito...

CATRO é a experimentación a partir dun número que se repite na nosa vida.

Unha experiencia para gozar en familia coa danza coma linguaxe, como canle de

coñecemento.

Dramaturxia e dirección:
Juan Rodríguez e Laura Sarasola.

Coreografías: Laura Sarasola.

Elenco: Laura Sarasola.

Escenografía e vestuario:
Diego Valeiras.

Duración: 30 minutos.

Público: 6 meses a 4 anos

Noves 18 ás 17:30

Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público infantil



Dreaming Juliet *Elefante Elegante*

Dreaming Juliet é a nova creación para público adulto de *Elefante Elegante*.

O espectáculo inspírase na peza *Romeo e Xulieta* de William Shakespeare para abordar a cuestión máis esencial da existencia humana: o amor.

A paixón, a familia e a maternidade son os temas intrínsecos da obra e o teatro físico e visual a ferramenta de creación.

A peza do dramaturgo inglés é un referente universal porque os seus protagonistas,

despois de amarse desenfreadamente, teñen un funesto final.

Dreaming Juliet pretende reflexionar sobre o futuro de *Romeo e Xulieta* no caso de que non morresen... Que ocorrería co seu fondo amor? E se acabasen formando unha familia e tendo que enfrontarse á rutina de todos os días?

*Celebración
Día internacional do Teatro*

Vénser 26 ás 20:30
Edificio Servizos Múltiples do Burgo
Público adulto



